

Óstraka

✦ Lecturafilia



Ler as dedicatorias dos libros supón sempre unha revelación, unha premonición sobre o que trae de novo a historia que estamos a piques de iniciar. Nesas citas do comezo agóchase a esencia dos libros. No de *Óstraka* de Luís Valle, a cita de Alejandra Pizarnik revélanos os argumentos que tratarán os poemas do lugués. Din estes versos: *“recuerdo con todas mis vidas por qué olvido”*. E nese xogo sitúanse os versos que o autor **escribe para loitar contra o esquecemento**.

Óstraka incide nas **emocións, que son a única parte que resta nas persoas cando o esquecemento practicamente todo**. Os versos son pequenas armas que nos impulsan á reacción, a ver a realidade de fronte aínda que esta doia máis do que criamos. Percorremos o poemario como se estivésemos : **procura dun bote salvavidas** cando nos falta ata o alento. E atopamos citas que fan proer a ferida pero tamén axudan a que esta vaia cicatrizando. Porque, como se di nun dos versos do principio, *seguinte vez que te vin eras xa un navío roto*”.

A voz poética desta *Óstraka* confesa que escribe **para buscar o fogar**, o espazo no que no pasado foi feliz e compartira coa familia e as amizades. Pero, acontece que, tarde ou cedo, os alicerces do espazo, se estremecen e asolagan por completo as vidas das que o habitan. Aí, **nese contraste entre a presenza e a ausencia** sitúase a lírica de Luís Valle, que tamén tenta **condensar o legado, apreixar nas mans e na mente a memoria do que foi e xa nunca máis será**.

Este poemario cavila, pois, sobre as xentes que estiveron e xa non están, cunha atención especial tamén aos espazos que constrúen a nosa memoria viva e que voan coma o vento.

“Está a casa pechada nas vellas palabras.

[...] Ama e teme

abrir esa caixa de música sen dono

por se a boneca con tutú fose máis ben

danza do dervixe

e incendiase de novo o corazón do bosque:

por se soara dentro de ti

a pratería dun universo

incomprensiblemente ferido na lingua”.

Hai tamén aquí unha **indagación necesaria sobre o acto mesmo de escribir**, de crear versos que simbolizan “un tempo morto” ou “un descanso de min mesmo”, como se expresa no poema titulado “Tempo morto”; ou cando se di “*que o verso sexa agulla e cosa territorios devastados!*”. Sen dúbida estamos diante dun libro para **reivindicar os recordos** e a maxia das palabras.

Ficha técnica



Título: Óstraka Autor: Luís Valle

Editorial: Galaxia

Ano de publicación: 2019

Número de páxinas: 165